

## DESEMPREGO E RIXIDEZ DO MERCADO DE TRABALLO: NOTAS TEÓRICAS E REALIDADE EUROPEA

ANTÓNIO MENDES DA SILVA FERRAZ

Escola de Economía e Xestión  
Universidade do Minho

**Palabras clave:** *Desemprego elevado e duradeiro en Europa; Crecemento do desemprego socialmente insoportable; Neoliberalismo e flexibilidade do mercado laboral; Papel da estructura sindical; Novas teorías keynesianas e os salarios eficientes; Sistemas de Seguridade Social; Insuficiencia da demanda agregada; Investimento público; Baixa das taxas de xuro; Reducción dos custos non salariais das empresas.*

**Key words:** *High and persistent unemployment in Europe; Unemployment growth socially intolerable; Neo-liberalism and labour market flexibility; Role of the trade unions structure; New keynesian theories and efficient wages; Social Security System; Insufficiency of aggregate demand; Public investment; Low interest rates; Reduction of non-wage costs of enterprises.*

### Resumo

Logo dos "choques petrolíferos" (de 1973 e 1979) a resposta era fácil: as culpas da interrupción do crecimiento económico de Europa e da explosión do desemprego eran exclusivamente do "ouro negro". Pero agora que xa pasou case unha década e media dende a última crise do petróleo, o desemprego é un fenómeno actual significativo e de carácter duradeiro. E, ademais, non é exclusivo dun país, dunha rexión ou mesmo dunha clase profesional.

O certo é que as décadas dos 30 e dos 50 foron a demostración de que "para grandes males, grandes remedios". Nun caso había que dalo todo para sair do "burato" que foi a Gran Despresión e no outro para reconstruí-la Europa arrasada pola II Gran Guerra. Por iso, o Vello Continente non dubidou en facer grandes investimentos públicos ó abeiro do Plan Marshall.

Hoxe, os principais postulados de "índole keynesiana" "resucitan", en oposición ás correntes de pensamento de "índole liberal ou clásica".

De feito, pola experiencia da década dos 80, parece razoable aceptar que unha lexislación máis liberal permite unha mellor xestión

por parte dos empresarios en períodos de crise, ainda que o impulso da lexislación liberal á creación de postos de traballo ten sido menos evidente.

É neste sentido no que as "novas teorías keynesianas" sosteñen que os mecanismos do mercado non aseguran espontaneamente unha traxectoria con pleno emprego e estabilidade dos prezos. O ciclo económico e o desemprego explicanse, esencialmente, por alteracións na demanda agregada orixinadas sobre todo polo comportamento do sector privado, alteracións que non son corrixidas automaticamente polos mecanismos do mercado. Nesta óptica, o desemprego non se explicaría por ningunha caste de poder de monopolio das estructuras sindicais senón pola verificación da existencia de "salarios de eficientes" ("efficiency wages") que se relacionaría cunha "praxe" empresarial de "racionalidade económica".

É neste contexto que se preconiza, entre outras consideradas de carácter prioritario, e no seo da Unión Europea, medidas coordinadas de implementación de avultados investimentos públicos, en particular no dominio das infraestruturas económicas básicas, na formación técnica e profesional, na valoración do capital

*humano, na diminución das taxas de xuro e, finalmente, no desgravamento dos custos non salariais das empresas, principalmente en relación coas cotizacións para a Seguridade Social.*

## **Abstract**

*Following the petroleum shocks of 1973 and 1979, the occurrence of the breakdown in economic growth and the jump in unemployment were conveniently and exclusively blamed on the "black gold". Almost 15 years since the last oil crises, unemployment has become a world problem but more consequential, enduring and inclusive.*

*It is interesting to note that, in the Thirties, the major objective was the overcoming of the depression while, in the case of the Fifties, the objective was the reconstruction of Europe. In neither case, did Europe vacillate to embark in voluminous public investments, and other expenditures, oriented toward recovery of the afflicted economics. Its also interesting to note that in the Fifties and Sixties similar expansionary policies were adopted in Europa and with outstanding success. Never before or after experimented so rapid and sustained growth, productivity, high incomes and low level of unemployment and inflation.*

*Neverthelles all along the eighties the neo-liberalists have insisted in the implementation of "liberal" labour legislature with its characteristic flexibilities and restrictiveness which have led to yet higher levels of unemployment in periods of contraction or crises than those experimented before. On the other hand, their strategy arguments are very fragile regarding job creation in the expansionary phase.*

*It is in the sense that keynesian economics sustains that market mechanisms do not guarantee, by themselves, full-employment and price stability. The economic cycle and unemployment emerge essenciality from changes in aggregate demand (mostly in the behaviour of private agents) not otherwise corrected by the market. In that line of thought, unemployment is not caused by any monopoly power exerted by trade unions but, rather, by the existence of efficiency wages related to a managerial praxis of economic rationality.*

*It is in that context and in European Union, that is reccomended, measures enormous and coordinate public investiment and expediture policies, particularly in the areas of basic economic infraestructures, human capital, lowering of tax rates, and in the reduction of non-wages costs of enterprises such as social security taxes.*

## **1. INTRODUCCIÓN**

Despois do desencadeamento dos "choques petrolíferos" verificados na década dos 70 e dos subseguentes períodos de "estancamiento" que lles seguiron, verificouse todo un esforzo de reconstrucción teórica por parte dos analistas, na procura dunha mellor comprensión acerca do funcionamento económico global.

Esta actitude gañou un novo impulso no presente dada a verificación de situacions xeneralizadas de recesión económica no ámbito mundial e debido á existencia de taxas de desemprego elevadas e duradeiras en todo o mundo industrializado. Estes fenómenos adquieren unha particular expresión e dimensión no contexto da Comunidade Económica Europea, afectada como está na actualidade por unha acentuada crise económica e social. Na realidade as previsóns xeneralizadas para o ano corrente (con particular realce para a Comisión Europea) apuntan á verificación dun crecemento negativo do PIB para o conxunto da CE arredor do 0,5%, ó que deberá corresponderlle unha taxa de desemprego aproximadamente do 12% da poboación activa existente na Comunidade para o mesmo ano.

Os aspectos aquí referidos son tanto más interesantes canto se sabe que no contexto europeo adquieren contornos más expresivos e graves cós verificados nas economías americana e xaponesa, economías que son competidoras directas da CE nos mercados mundiais. Deste xeito, asístese a todo un esforzo de investigación teórica no sentido de atopar un cadre o máis explicativo, coerente e axeitado posible á realidade económica, de maneira que se poida elaborar un conxunto de propostas en canto ás accións que se deben levar a cabo con miras a unha posible superación do problema en cuestión e, en consecuencia, á posibilidade de recuperar-

ción da actividade económica xeral e a un combate eficaz contra o desemprego que se estende por todo o contexto da Comunidade Europea.

A exposición e confrontación das principais correntes teóricas que inciden coa súa análise nas características e funcionamento do mercado de traballo e nos conseguintes efectos en termos de inestabilidade macroeconómica pasan a ser así o noso obxectivo no presente traballo. Un mellor esclarecemento teórico é o camiño máis correcto para a adopción dunha "praxe" política, que se desexa a máis adecuada e eficaz en termos de posibles superacións de bloqueamentos existentes e das consecuentes mellorías no benestar das poboacións.

Poderíamos dicir que a investigación nese dominio tomaría dúas direccións radicalmente diferentes: a primeira explorando a necesidade de reconcilia-los novos feitos co modelo neoclásico básico. Así, traballouse coa idea do manteñemento do presuposto de competencia en tódolos mercados, pero íase abandona-lo presupuesto de información perfecta. Centráronse deste xeito nos efectos sobre a economía de choques nominais aleatorios, tales como "innovacións" monetarias, así como nas canles de persistencia destes efectos. Esta visión sería a aproximación designada como "información imperfecta". En canto á segunda vía, esta viría a explorar con máis desenvolvemento, pola contra, aquilo que poderíamos denominar fundamentos microeconómicos do funcionamento económico global, en particular os efectos da moeda sobre o output e sobre o mecanismo dos salarios e dos prezos. Esta aproximación caracterízase pola asunción de estruturas de mercado en "competencia imperfecta".

Tendo como base a estructura de funcionamento dos mercados en "competencia imperfecta", imos analizar unha perspectiva teórica xurdida a finais dos anos setenta, que tentaría sobre todo, segundo os seus defensores, darlle fundamento á idea de axustamento gradual dos salarios e prezos que se vigorizara empíricamente no inicio daquela década. Fundamentalmente, íase procurar adaptar aquela análise á hipótese das expectativas racionais e, deste xeito, explíca-la non contradicción entre comportamentos racionais e axustamento económico gradual; isto

é, a posibilidade da existencia de fluctuación económica. Como exemplo desta perspectiva temos traballos de autores como S. Fisher (1977) e J. Taylor (1979 e 1980), que desenvolveron modelos con base na existencia de rixidez nominal e expectativas racionais, as cales implicaban un papel importante para a política económica en xeral e para a monetaria en particular. A maior parte da investigación iría no sentido de concederlle más sólidos fundamentos á teoría do axustamento gradual dos salarios e dos prezos.

## 2. A TEORÍA DO AXUSTAMIENTO GRADUAL DOS SALARIOS E DOS PREZOS Ó FINAL DA DÉCADA DOS 70: A TEORÍA DOS CONTRATOS SALARIAIS

A finais da década dos 70, o fenómeno do axustamento gradual dos salarios e dos prezos, e polo tanto da eventualidade da existencia de fluctuacións económicas debido á verificación de choques monetarios, estaría moito más relacionado co mecanismo de funcionamento do mercado de traballo que cos mecanismos de formación dos prezos (admitíase que os prezos dos productos finais no mercado estarían directamente ligados ós custos salariais (e non só a eles) por medio da incidencia dunha taxa de "*mark-up*"). Así, non habería, en esencia, movementos nos prezos que non resultasen de alteracións ou modificacións nas condicións de funcionamento do mercado de traballo. A análise defendida polos autores defensores da teoría dos contratos salariais a longo prazo, que se baseaban na idea da existencia dunha curva da demanda de traballo reflectindo a lei dos rendementos decrecientes, levábanos a concluír que o salario real tería un movemento marcadamente contracíclico. Aínda así, para algúns autores a evidencia empírica refutara esa conclusión, demostrando que os salarios e o emprego serían esencialmente independentes ó longo do ciclo (polo seu comportamento, os salarios reais íanxe revelar fundamentalmente acíclicos ou moderadamente procíclicos). Sería nesta liña de pensamento na que destacarían polos seus traballos autores como P.T. Geary e J. Kennan (1982) e M.J. Bils (1985). De acordo co primeiro destes estudios (páx. 865): «*The prediction of a negati-*

*ve correlation between employment and real wages over the business cycle is based on the argument that the labour demand curve is fixed in the short-run, since technology and capital stocks are fixed. ... Our data reject this interpretation ... Cycle models that include explanations of employment and real wage should be checked to see whether they can generate serially correlated employment and real wage series, which are (at least approximately) independent».*

En relación co segundo traballo, unha explicación importante sería referida para explicar, por un lado, o carácter dos salarios reais e, por outro, a falta de moitos estudos anteriores sobre o mesmo asunto. Así, a clave da cuestión residiría na inclusión ou non das horas extraordinarias no cómputo dos salarios reais. Sendo fundamentalmente procíclicas, a súa non inclusión implicaría estimacións contracíclicas, probablemente, en desacordo coa realidade. Bils (1975, pax. 668) referiría: «*Using panel data for the period 1966-1980, I find real wages to be very procyclical. A fall in the unemployment rate of one percentage point is associated with a rise in real wages of 1.5-2 percent.*»

## 2.1. O MODELO DE FISHER

S. Fisher (1977) introduciría o seguinte modelo (logarítmico):

$$Y = (m-p) + \mu \quad (1)$$

$$Y = -(w-p) \quad (2)$$

$$w = E(p/-1) \quad (3)$$

A ecuación (1) representaría a demanda agregada, simplificadamente, con elasticidade do output con respecto ós saldos monetarios reais unitarios. O valor de  $m$  traduciría un choque non relacionado coas variacións da demanda resultantes de medidas de política económica anticipadas. Á ecuación (2) sería a oferta de output, obtida por comportamentos tendentes á maximización de lucros, isto é, íase asumir que a elasticidade da oferta de output con respecto ós salarios sería unitaria. A ecuación fundamental sería a (3), que nos diría que os salarios nominais serían predeterminados no inicio de cada período segundo a información dispoñible, de

forma que as expectativas fosen as de obter un salario real constante e un índice de emprego tamén constante. A información dispoñible cando o salario nominal fose establecido incluiría valores desfasados pero non correntes de  $m$  e  $\mu$ . Sería exactamente isto que nos di S. Fisher (1977, pax. 195):

«...The nominal wage is treated as predetermined throughout the paper in that it is known at the beginning of the period while output and the price level adjust during the period. The assumption that the wage is predetermined is based on the empirical observation that wages are usually set in advance of employment. It is assumed that nominal wage is set to try to maintain constancy of the real wage, which is equivalent in this model to maintaining constancy of employment and/or labor income.»

Deste xeito, os choques da demanda e da moeda afectariánlle ó índice do output só na medida en que non fosen anticipados. Neste sentido, habería unha estreita relación co modelo preconizado por R. Lucas. A pesar diso, o mecanismo sería idéntico ó utilizado por Keynes: sendo os prezos flexibles no mercado dos productos finais, non sucedería tal no mercado de traballo onde os salarios nominais se presentarían fixos ó longo da duración do contrato, de forma que os choques na demanda agregada nominal farián eleva-los prezos, diminuí-los salarios e aumenta-lo output.

Neste primeiro modelo, se a autoridade en política económica non puidese actuar máis rapidamente e/ou non posuise máis información cós negociadores dos contratos salariais, non habería lugar para políticas tendentes a estabiliza-lo output. Para Fisher esa sería a hipótese más probable, porque a posibilidade de que a autoridade monetaria recibise mellor información ou que a recibise máis rapidamente cós axentes privados tería unha base fráxil, xa que a información útil tendería, habitualmente, a estar dispoñible para todos, tal vez a través da inferencia baseada en accións pasadas da autoridade monetaria. Sen embargo, este feito non sería tan verídico cando os salarios nominais fosen establecidos para períodos superiores a un ano. Isto mesmo sería presentado no segundo modelo estudiado por Fisher. Neste último caso, no inicio de cada período a metade da forza de

traballo predeterminaría os seus salarios nominais para os dous períodos seguintes, o corrente e o próximo. Cada salario nominal sería, da mesma forma, establecido atendendo a atopar un salario real esperado constante en cada un daqueles períodos. Así,

$$Y=(m-p)+\mu \quad (1')$$

$$Y=-1/2[(w-p)+(w(-1)-p)] \quad (2')$$

$$W=E(p/-1) \text{ e } W(-1)=E(p/-2) \quad (3')$$

A ecuación (2') representaría o salario relevante para as empresas e sería a media ponderada dos salarios nominais correntemente en existencia. O primeiro, que se lle aplicaría á metade da força de traballo, sería o salario escollido para este período e establecido ó inicio do mesmo; o segundo sería aquel escollido para incrementalo no actual período e que foi negociado nos principios do período anterior. Representaríanse respectivamente por  $W$  e  $W(-1)$ . A ecuación (3') establecería que cada un deses dous tipos de salarios nominais sería, á súa vez, igual cá expectativa do índice de prezos correntes baseado na información dispoñible no momento en que o salario fose negociado: os salarios serían establecidos para obter, en valores esperados, un salario real constante.

Os movementos no output a penas deberían depender dos choques non anticipados da demanda agregada (en particular en canto ás alteracións monetarias). Moeda non anticipada significaría, agora, o valor da moeda menos a media ponderada da moeda anticipada deste período e do previo. Habería que tirar dúas conclusións principais do modelo: a primeira sería que os efectos da moeda sobre o output manteríanse durante dous períodos; a segunda sería que a política monetaria baseada só na información dispoñible ó comezo do período podería suaviza-las fluctuacións económicas. A razón para este feito sería simple: en resposta a un choque da demanda non esperado neste período, os negociadores do salario nominal desexarían reaxusta-los seus salarios nominais no próximo período. A metade deles non o poderían facer, áinda que a autoridade monetaria podería facelo axustando a masa monetaria para o próximo período, compensando o efecto do choque non esperado da demanda sobre o índice de

prezos do próximo período. Desta forma, o modelo optaría pola adopción de políticas marcadamente activistas.

## 2.2. O MODELO TAYLOR

J. Taylòr (1979 e 1980) introduciría modelos baseados na existencia de superposición de contratos de traballo ("overlapping labour contracts") similares en moitos aspectos a aquel referido por Fisher (1977) para o caso de que existan contratos que abrangán dous períodos e de que os salarios sexan establecidos de forma alterna ("Staggered wages"), isto é, no caso de que non exista sincronía no establecemento dos contratos (o que implicaría a superposición dos mesmos). Con todo, habería unha importante diferencia; para J. Taylor os salarios non só estarían predeterminados senón que tamén serían iguais para os dous períodos, isto é, estableceríase o mesmo índice de salario nominal para aqueles períodos. J. Taylor presentaría (1979) unha versión simplificada mediante a seguinte estrutura:

$$Y=(m-p) \quad (1)$$

$$p=(1/2)(W+W(-1)) \quad (2)$$

$$Y=(1/2)[p+E(p(+1)/-1)+(1/2)aE(Y(+1)/-1)] \quad (3)$$

A ecuación (1) informaríanos da demanda agregada. Considérase a penas posible a existencia de choques monetarios.

En cada período, a metade da força de traballo negociaría un salario nominal para incrementalo no período corrente e no próximo período; este salario estaría representado por  $W$ . Así, no período corrente, a metade da força de traballo sería remunerada cun valor igual a  $W$  e a outra metade sería retribuída cun salario  $W(-1)$ . A ecuación (2) establecería o índice de prezos como unha medida ponderada daqueles dous salarios. A taxa de markup dos prezos sobre os salarios sería asumida como non dependente do índice do output.

A ecuación (3) daríanos o valor de  $W$ , o salario negociado para incrementalo no presente e no próximo período. Se os traballadores puideren escolle-lo seu salario nominal en cada período, deberían ter en conta que este salario sería

unha función crecente do índice de prezos, con elasticidade unitaria, e do output (emprego), con elasticidade  $a$ . Como eles manterían os seus salarios nominais para dous períodos, o salario nominal  $W$  dependería do índice de prezos e do output vixente (no período presente) e do esperado (no próximo período). Aceptaríase coñecé-los choques monetarios só despois de que os salarios estivesen establecidos e, por este feito, non se incluirían na información relevante para o establecemento de  $W$ .

Substituíndo  $p$  e  $E(p(+1)/-1)$  de (2) en (3) e reformulando:

$$W = (1/2)[W(-1) + E(w(+1)/-1) + \\ + a [E(y/-1) + E(Y(+1)/-1)] \quad (4)$$

Este feito suxería unha interpretación alternativa con respecto ó comportamento salarial. Así, os traballadores tentarían preserva-los seus salarios relativos e, deste xeito, atenderían tanto a  $W(-1)$  como a  $E(W(+1)/-1)$ , os salarios pagados á outra metade da forza de traballo no actual e no próximo período. Esta sería a interpretación dada por Taylor.

Para a resolución deste modelo baixo a hipótese das expectativas racionais, poderíase especificar, da seguinte maneira, un proceso para  $m$  (oferta monetaria). Se  $m$  seguisse, por exemplo, un proceso aleatorio, a solución podería ser dada por

$$W = kW(-1) + (1-k)m(-1) \\ p = (1/2)(W + W(-1)) \\ Y = (m - p)$$

Considerémos os efectos dinámicos dun aumento non anticipado da moeda. Como os salarios serían establecidos antes de que a variación monetaria fose coñecida, a moeda non exercearía ningún efecto sobre os salarios e sobre os prezos no período corrente e, así, habería un efecto pleno sobre o output. Con todo, ó longo do tempo os salarios nominais deberían axustarse e, desta forma, tamén o índice dos prezos. O output regresaría ó seu índice de equilibrio a longo prazo. Canto menor sexa o parámetro  $a$ , que daría a medida do efecto das condicións do mercado de traballo sobre os salarios, máis se aproximaría o valor de  $k$  á unidade e máis

persistentes serían os efectos das variacións monetarias.

Estes resultados diferirían dos de Fisher cando menos nun aspecto importante: os efectos da moeda durarían moito máis tempo có período para o que fose fixado cada salario nominal. O aspecto intuitivo podería ser encontrado na relación (4), na que a alternancia implicaría que os traballadores tivesen indirectamente en liña de conta o valor dos seus salarios relativos. Se o efecto das condicións no mercado de traballo fose relativamente débil, os traballadores deberían negociar un novo salario nominal  $W$ , profundamente dependente do valor do salario existente  $W(-1)$ . Por outra banda, sería determinante o grao de influencia que un determinado grupo de traballadores exercería sobre outro grupo. En última instancia, este feito dependería enormemente da maior ou menor posibilidade de substitución de traballo entre os devanditos grupos. Daquela, se non fosen bastante substituíbles os salarios dun grupo, pouca influencia tería este sobre os salarios do outro grupo. Se, pola contra, os dous grupos estivesen próximos á perfecta substitución, daquela os salarios dun grupo exerceirían un papel importante no índice salarial do outro grupo de traballadores. Deste xeito, os salarios nominais e o índice de prezos axustaríanse gradualmente cara ó equilibrio (atendendo a esta estructura de decisión en canto ós salarios, a análise do axustamento gradual dos salarios e dos prezos podería ser extensiva tamén ó caso de variacións anticipadas da moeda).

Tanto o modelo de Taylor como o de Fisher amosarían que as expectativas racionais poderían ser introducidas no "mecanismo salarios-prezos", poderían xerar efectos persistentes fronte a variacións monetarias e poderían conducir a políticas monetarias activistas. Esta nova análise de tipo keynesiano sería unha vía de racionalización da rixidez dos salarios nominais. Os salarios nominais non serían ríxidos por causa dunha misteriosa rixidez á baixa, como se podería inferir da análise de Keynes, senón por que compromisos contractuais impedirían que as persoas axustasen totalmente os seus salarios nominais fronte a choques da demanda agregada.

Quedaríanos agora destacar dous aspectos de interese na análise de J. Taylor (1980): en

primeiro lugar, a compatibilidade do modelo estudiado co carácter contracíclico dos salarios reais e, en segundo lugar, o papel da política económica (monetaria) como posible factor de estabilización. En canto ó primeiro aspecto, imos exemplificalo supoñendo que se incrementarían os contratos laborais de dous anos e que a metade dos contratos na economía fosen revisados cada ano. Tamén imos supor que partimos dunha situación caracterizada pola estabilidade dos prezos e que, neste contexto, tería lugar unha baixa non anticipada no stock monetario. Se tódolos salarios e prezos fosen perfectamente flexibles, deberían descender inmediatamente na proporción da baixa da oferta monetaria e, deste xeito, non se produciría ningún efecto real. Con todo, isto non ocorrería se admitisémo-la existencia de contratos de longo prazo que fixasen os salarios nominais. Co estancamento do stock monetario existiría, potencialmente, unha diminución do emprego. Os traballadores que estivesen desempregados, ós cales se lles establecerían os contratos nese momento, deberían optar por reduci-los seus salarios dunha maneira suficiente para que fosen contratados. Se isto ocorrese, o índice de prezos debería baixar porque o salario medio sufriría unha recesión. Sen embargo, cando o índice de prezos descendese, o salario real que recibirían os traballadores abranguidos polos contratos en vigor subiría (o salario nominal que eles recibirían sería fixo e o índice de prezos descendería) e, desta forma, algúns deles perderían os seus empregos.

Cómpre destacar que os traballadores, normalmente, estarían interesados en que os seus *salarios relativos* non diminuisen. Se aqueles que tivesen contratos de novo en proceso de negociación aceptasen cortes suficientes para manterse totalmente empregados, poderían ve-los os seus salarios relativos moi alterados en confrontación con outros grupos de traballadores con salarios que fosen revisados posteriormente. Os traballadores poderían, neste caso, aceptar algunha cantidade de desemprego co fin de mante-los os seus salarios relativos o máis estables posible en comparación cos índices salariais dos restantes grupos profesionais. Se fose así, os salarios correntes deberían ser establecidos nalgún punto intermedio entre o seu índice de pleno emprego

e o índice dos salarios dos contratos áinda en vigor. Isto significaría que os salarios non se axustarían inmediatamente despois das alteracións monetarias, isto é, os salarios non serían totalmente flexibles. Habería un proceso que necesitaría algún tempo ata conseguir un axustamento total dos salarios. O feito de existir contratos salariais de longo prazo non sincronizados e a cuestión dos salarios relativos implicarían directamente a posibilidade de persistencia (durante períodos máis ou menos extensos) de rixidez salarial e de desemprego.

O modelo sería así capaz de explicar simultaneamente a inflación salarial e o desemprego.

En canto ó segundo punto, sería esencial comprender como a extensión da persistencia dos efectos económicos, debido a choques da demanda agregada, sería directamente dependente do grao en que a política monetaria adoptada puidese ser considerada más ou menos acomodaticia fronte ó desvío do prezo en relación co seu índice de pleno emprego. Como é sabido, na definición dos salarios nominais en determinado período sería esencial o papel desempeñado polas expectativas que os traballadores tivesen acerca da variación dos seus salarios relativos; isto é, eles tentarían manter (e en maior medida canto menor fose o peso das alteracións no mercado de traballo nas decisións salariais) no máximo posible a súa posición salarial fronte ós outros traballadores, co fin de que os seus salarios nominais non se saísen demasiado da liña en relación cos salarios dos outros traballadores, que terían contratos que continuarían en vixencia no período actual, e tamén das expectativas en canto ós salarios nominais que puidesen ser establecidos en futuros contratos por parte dos outros traballadores. Agora ben, se houbese unha política monetaria cun acentuado grao de acomodamento, por exemplo fortemente expansionista, traducindo un incremento notorio da oferta monetaria debido a aumentos nos prezos fronte a choques positivos da demanda agregada, sería de prever, en termos de expectativas racionais, que os salarios nominais que terían que ser establecidos en contratos futuros tendesen a ser maiores. Deste xeito, nese caso poderíamos dicir que nas negociacións salariais os traballadores dedicaríanlle unha atención máis relevante, máis

que ós salarios nominais futuros, ó papel desempeñado polas expectativas no que se refire ás condicións do futuro mercado de traballo, isto é, do índice esperado do output e do emprego (na expresión salarial xa referida por nós, o valor do parámetro  $a$  tendería a ser maior e, consecuentemente, o parámetro  $k$  tendería a diminuir). Nesa medida, habería presións para que os salarios obxecto de revisión nese momento fosen máis elevados do que se podería prever inicialmente, conducindo a un proceso de volta á situación de equilibrio inicial con maior rapidez e con menor persistencia dos efectos económicos desencadeados polos choques iniciais da demanda agregada. Poderíamos así afirmar que o maior ou menor grao de persistencia dos devanditos efectos sobre o índice de output real estaría, fundamentalmente, en consonancia coa medida en que a política monetaria seguida fose más ou menos acomodaticia. Esta sería, basicamente, a caracterización do papel estabilizador da política monetaria contemplado no modelo de Taylor (1980).<sup>1</sup>

### **3. PERSPECTIVAS CRÍTICAS FRONTE Á ANTERIOR VISIÓN KEYNESIANA**

O estudio do fenómeno de rixidez salarial deu lugar contemporaneamente a análises no dominio da rixidez dos prezos e ó desenvolvemento de novas teorías baseadas no desequilibrio de tipo keynesiano, traducíndose nun cambio no centro de atención do que pasaría no mercado de traballo ó que sucedería no mercado dos productos, deixando nun segundo termo, en certa medida, o papel do primeiro deses mercados no proceso de alteración do output debido a variacións da demanda agregada (en particular da política monetaria). Deste xeito, o feito de que puideran existir pequenos custos de axustamento do prezo ("small menu costs") sería a causa principal pola que as variacións na demanda agregada poderían conducir a que as empresas, actuando en competencia monopolista, non alterasen os seus prezos e, no canto disto, satisfixesen a demanda. Así, alteracións na demanda agregada implicarían variacións no emprego e no output. Os modelos de rixidez dos salarios nominais expostos por autores como Fisher e Taylor teñen sido obxecto de críticas dende as

máis variadas tendencias. Por exemplo, no ámbito da "nova teoría clásica" xa tivemos ocasión de referi-la posición de R. Barro (1977). Tamén autores considerados de raíz keynesiana elaboraron diversas críticas ós modelos referidos de contratos salariais. Así, N.G. Mankiw (1987a, páxs. 18-20 e 1987b, páxs. 105-106), por exemplo, indicaría que unha das críticas derivaría do feito de que os modelos en cuestión, ó estaren baseados na existencia de contratos salariais de longo prazo que determinarían, anticipadamente, os salarios nominais, fallarían por non establecer los fundamentos microeconómicos da existencia deses contratos, de xeito que, en palabras de Mankiw (1987b, pág. 105) «... if nominal wage contracts are responsible for large and inefficient fluctuations in employment, then rational workers should not agree to them.» Neste sentido, a elaboración dun contrato óptimo non debería producir rixidez dos salarios nominais baixo pena de se asumiren substanciais afastamentos da racionalidade, como o que ten lugar nas propostas dos "teóricos dos contratos salariais".

En segundo lugar, non sería obvio, con respecto á inflexibilidade dos salarios nominais, que os salarios nominais observados influisen directamente nas decisións de emprego. Así, se eses salarios fosen considerados simples pagamentos de prestacións dentro dun contexto de relacións de traballo de longo prazo, daquela o índice corrente dos salarios non necesitaría ser un prezo relativo significativo. Mankiw (1987a, pág. 19) sinalaría ó respecto que « *In the context of a long term relationship, there is no reason why a wage paid in a given period should equal the marginal product of labor, as would be true in a spot market. Instead, the wage may be like an installment payment.* » Dito doutro xeito, a razón pola que os traballadores, supoñendo que actuasen racionalmente, aceptarían poñerse de acordo na fixación dos seus salarios nominais sería o feito de non teren eses mesmos salarios tanta importancia, como a primeira vista se podería esperar, na determinación do traballo. De xeito idéntico, o feito de que os salarios pagados a un determinado traballador fosen ríxidos non implicaría necesariamente que a distribución do factor traballo estivese determinada de forma ineficiente.<sup>2</sup>

Por último, a crítica, tal vez, más seria relacionaríase co comportamento cíclico do salario real, que semellaría non ser compatible cos modelos de incorporación dun salario nominal predeterminado e cos movementos ó longo dunha curva uniformizada da demanda de traballo (negativamente inclinada). Así, de acordo cos textos tradicionais, un choque negativo na demanda agregada faría que o índice de prezos descendese, que o salario real subise no momento en que o salario nominal fose fixo e que houbera unha diminución da demanda de traballo. Fluctuacións na demanda agregada implicarían fluctuacións económicas nas que os salarios reais terían un comportamento contracíclico. Con todo, unha observación empírica como a realizada, entre outros, por Geary e Keenan (1982) e Bils (1985) mostraríanos que os salarios reais serían acíclicos ou lixeiramente procíclicos. Sobre este asunto, sería significativo o que nos diría Mankiw (1987b, páxs. 105-106): «*According to this traditional view, firms lay off workers in recessions because labor costs are too high; prices have fallen but wages have not. In practice, however, real wages do not seem higher in recessions.*»

Estes tres problemas citados, relacionados coa perspectiva que acentuaría o enfoque sobre a existencia de contratos laborais de longo prazo, teñen alterado, ó longo dos anos 80, a atención e a centralización da análise doutros autores de formación keynesiana, transferindo o obxecto central dos seus estudos: do mercado de traballo ó mercado dos produtos finais. Deste xeito, a explicación das fluctuacións económicas e do emprego pasaría, fundamentalmente, non polo fenómeno da rixidez salarial no mercado de traballo pero si polo fenómeno da rixidez dos prezos no mercado dos productos finais. De acordo con esta nova visión keynesiana, durante as recesións as empresas despedirían traballadores temporalmente, non porque os custos salariais fosen demasiado elevados, senón porque as vendas no mercado dos productos finais poderían ser substancialmente baixas. Esta maior atención ó mercado dos produtos permitiría, segundo esta nova perspectiva, evita-los tres problemas indicados anteriormente.

En primeiro lugar, non requeriría un grande afastamento da racionalidade. As empresas

poderían aumentar naturalmente as súas vendas a través de reduccións nos prezos e, sen embargo, o beneficio que obterían desta acción sería relativamente pequeno (de segunda orde); pequenos custos de axustamento dos prezos (isto é, pequenos "menu costs") poderían implicar que esa actitude fose racional, dende o punto de vista da empresa de non altera-los seus prezos. Estes "small menu costs" resultarían de custos tipicamente físicos e administrativos que derivarían da alteración dos prezos dos produtos e que serían referidos por N.G. Mankiw (1985, pax. 529) da seguinte forma: «*The act of altering a posted price is certainly costly. These costs include such items as printing new catalogues and informing salesmen of the new price.*» Con todo, o custo social desta rixidez de prezos sería de primeira orde. Esta disparidade entre obxectivo privado e obxectivo social xurdaría a causa da distorsión preexistente no establecemento dos prezos de forma non competitiva (isto é, da non existencia de competencia perfecta). Polo que respecta ó segundo aspecto, non se podería argumentar que a rixidez observada nos prezos fose irrelevante para a distribución dos recursos. J. Rotemberg (1987, pax. 76) apuntaría, de acordo cun estudio realizado por S.G. Cecchetti (1986) para os EE.UU., que os prezos para o público das revistas e outras publicacións se axustarían moi poucas veces e que ese feito non podería ser rexeitado. Estes prezos representarían prezos de transaccións e non simples pagamentos de prestacións, como no caso dos salarios dos traballadores no contexto dunha relación de longo prazo. Con respecto ó terceiro aspecto, poderíase afirmar que o novo tipo de análise non implicaría que o salario real tivese un comportamento contracíclico. Unha vez que a oferta agregada derivase máis da inflexibilidade dos prezos dos produtos ca dos salarios nominais ríxidos, os salarios reais poderían ser facilmente acíclicos ou procíclicos (A.S. Blinder e N.G. Mankiw, 1984).

En resumo, para esta nova visión macroeconómica o feito de que poidan existir custos, mesmo pequenos, no axustamento dos prezos podería xera-la suficiente rixidez dos prezos dos produtos, para que puidesen derivarse efectos substanciais na actividade económica real. Temos, xa que logo, un novo tipo de explicación

do fenómeno cílico e do desemprego debido a factores monetarios. Por outra banda, este tema será central no estudo que se pretende realizar no contexto do presente traballo.

#### 4. RIXIDEZ REAL

A persistencia nas últimas décadas de altas taxas de desemprego, en particular en Europa, deu lugar a un esforzo de investigación teórica co fin de explicar cabalmente ese feito. Así, se nos anos cincuenta e sesenta o desemprego en Europa era bastante máis baixo có rexistrado nos EE.UU, nos anos setenta a taxa de desemprego europea xa estivo a piques de alcanza-la americana e na década dos oitenta chegou mesmo a supera-la verificada nos EE.UU (así, por exemplo, en 1985 para unha taxa de desemprego do 7,1% nos EE.UU, existirían taxas de desemprego do 8,6%, do 10,1% e do 13,2% na RFA, en Francia e en Gran Bretaña, respectivamente [Fonte: *OECD Historical Statistics, 1960-1980* e *OECD Economic Outlook*, N. 39, May 1986]). A resposta a este fenómeno obedeceu, fundamentalmente, á tentativa de demostrar que o que pasaba realmente residía máis no feito de que os salarios reais se situasen a índices demasiado altos, con respecto ó seu índice de equilibrio de pleno emprego, ca na simple insuficiencia da demanda agregada. Podemos ilustrala cuestión coa figura 1, que nos amosa, por un lado, a curva da demanda de traballo —a productividade marxinal do traballo ( $PMN$ )— co salario real no eixe vertical e, por outra banda, a oferta de traballo,  $N$ , de pleno emprego. O salario real de pleno emprego sería  $(W/P)_0$ .




Figura 1

Así, a interpretación predominante en tanto ó problema do desemprego residiría no feito de se atoparen as economías en cuestión funcionando nun punto como, por exemplo,  $A$  a un índice de salario real  $(W/P)_1$ . No punto  $A$ , as empresas admitirían só unha cantidade de traballo  $N'$ , que se situaría por baixo do pleno emprego, porque o salario real sería demasiado elevado. Imos, de seguida, facer algunas consideracións sobre as explicacións teóricas alternativas para ese feito. Pero primeiro cómpre facer unha chamada de atención sobre a crenza modernamente xeneralizada (por exemplo O.J. Blanchard, 1987, páx. 41) de que a substitución intemporal na oferta de traballo non ten moita importancia na explicación das fluctuacións macroeconómicas e de que a elasticidade da oferta de traballo a causa de variacións no salario real é relativamente pequena. Desta maneira, o feito de que desviacións na demanda de traballo se deberían traducir en variacións do emprego máis que en variacións salariais podería parecer enigmático. O.J. Blanchard e N. Kiyotaki (1987, páx. 663) procederían a unha crítica do modelo por eles mesmos construído, baseado no presuposto do funcionamento do mercado de traballo en competencia monopolista, da seguinte forma: «*The scope for small menu costs to lead to large output effects in our model depends critically on the elasticity of labor supply with respect to the real wage being large enough. Evidence on individual labor supply suggests however a small elasticity.*»

#### 4.1. AS CENTRAIS SINDICAIS ("LABOR UNIONS")

Aceptando que as Centrais Sindicais controlan dunha forma rigorosa a entrada de traballadores no mercado de traballo, podería atoparse aquí a responsabilidade da existencia de taxas de desemprego elevadas e duradeiras. Esta explicación de raíz clásica, que se basea na utilización de modelos que integran as Centrais Sindicais, en concreto na súa versión baseada na relación entre traballadores plenamente integrados no mercado de traballo ("insiders") e os traballadores desempregados ("outsiders"), ten sido moi utilizada para explica-la persistencia do desemprego, en particular, no contexto europeo.

Os "insider-outsider models" (A. Lindbeck e D. Snower, 1984 a e b, 1985 a e b, 1986 a e b, e R. Solow, 1985) virían, como teremos ocasión de ver, oporse, en certa medida, á teoría do salario de eficiencia ("Efficiency wage theory"). Segundo esta última hipótese, o poder do mercado de traballo estaría no dominio das empresas e, como elas atenderían á relación entre salarios e productividade, poderíamos afirmar que o desemprego debería ser entendido en termos de conflicto de intereses entre as empresas e os traballadores desempregados. Pola contra, nos modelos "insider-outsider" o desemprego involuntario xurdiría dun conflicto de intereses entre os "insiders" e os "outsiders". Así, os traballadores xa integrados plenamente no mercado ("insiders") poderían establecer, nas súas negociacións salariais, remuneracións por encima do valor de equilibrio de pleno emprego, en detrimento dos traballadores desempregados ("outsiders"), cando para as empresas resultase bastante custoso mudaren de traballadores dos "insiders" ós "outsiders". Entre os factores explicativos destes custos estarían os custos propios de novas contratacións e de despedimentos; isto é, os traballadores xa integrados darían unha certa garantía de experiencia e habilidade que tal vez os desempregados non posuisen (podendo asociarse custos de investigación en traballadores potencialmente aptos); por outro lado, o despedimento podería significar indemnizacións, perda de capital humano acumulado, etc.; tamén terían que considerarse eventuais custos derivados da non cooperación cos novos traballadores (reducindo a productividade destes) ou do establecemento de relacóns prexudiciais (non amigables) cos traballadores acabados de admitir (aumentando a inestabilidade do traballo destes) e, finalmente, a razón pola que as empresas non deberían, comprensiblemente, substituí-los seus "insiders", con salarios más elevados, por "outsiders", con salarios más baixos, sería que o movemento da forza de traballo resultante dessa substitución tería, posiblemente, efectos negativos sobre a moral de tódolos seus empregados e, consecuentemente, o esforzo de traballo e a productividade diminuirían.

Entre as políticas preconizadas polos "insider-outsider models" destacarían, entre outras, a adopción dunha lexislación laboral

máis aberta e flexible (como por exemplo a práctica de contratos a prazo, os despedimentos temporais, leis más flexibles no sentido dunha maior liberalización do mercado de traballo e, polo tanto, dunha maior capacidade empresarial de denuncia dos contratos laborais) que permitiría, presumiblemente, creba-lo control das Centrais Sindicais sobre a entrada dos traballadores na forza de traballo. Como alternativa, R. Layard (1986) argumentaría a favor da creación de subsidios para os traballadores desempregados ("unemployed outsiders") como medida para acadar aquel fin. En calquera dos dous casos, as implicacións das políticas adoptadas non deixarían de seren ambiguas (¿Non se traduciría a precariedade do emprego nun factor de reforzo das mesmas estructuras sindicais?).

Por último, imos referir, poñendo de relevo o fenómeno coñecido como "histeresis", a posición exposta sobre o mesmo asunto por O.J. Blanchard e L. Summers (1986) e algúns aspectos críticos que se poderían considerar pertinentes para este tipo de análise.

Antes de nada, poderíanse expoñer fundamentalmente dous tipos de explicacións en canto á persistencia do desemprego. A primeira afirmando que aquilo que realmente se alteraría sería a taxa de desemprego de equilibrio (taxa natural de desemprego), e isto debido a perturbacións esóxenas ou a factores de carácter estrutural —tecnoloxía, preferencias, institucións— que determinarían a resposta do desemprego de equilibrio. A segunda explicación sería que os mercados de traballo se axustarian moi lentamente na dirección do equilibrio, de forma que deberían persistir mesmo choques temporais. Ámbalas dúas explicacións parecerían razonables. Moitos dos estudos recentes sobre os elevados índices de desemprego basearíanse nese primeiro tipo de explicacións e tentarían identifica-lo que determinaría a "taxa natural de desemprego". Á súa vez, o segundo tipo de explicacións tentaría explicalo porque da lentitude de resposta da economía fronte a choques nominais que se producirían nese momento. As investigacións empíricas centradas nesta segunda clase de explicacións da persistencia do desemprego chegarían más recentemente a ser cuestionadas. Nun importante estudio, Blanchard e Summers (1986) basearíanse na distinción, anteriormente

referida, entre "insiders" e "outsiders" no mercado de traballo. Estes autores suxerían que calquera índice de desemprego debería autoperpetuarse xa que os "insiders" sempre establecerían os salarios de xeito que protexeran os seus postos de traballo, pero só os seus propios postos de traballo. Se por algúna razón o desemprego aumentase temporalmente, os traballadores que resultasen desempregados perderían o seu estatus de "insiders" e daquela o novo e menor grupo de "insiders" establecería os salarios co fin de manter *permanentemente* o menor índice de emprego. No caso extremo de que o desempregado perdesse inmediatamente o seu estatus de "insider", o emprego e o desemprego non deberían dar sinais de retorno ó seu índice anterior e a taxa de desemprego debería amosar "histeresis", isto é, a taxa de desemprego corrente converteríase simplemente na nova taxa de equilibrio. Nunha situación menos extrema, na que os desempregados non perdesen o seu estatus de "insider" inmediatamente, o desemprego revelaríase significativamente persistente e tardaría moito tempo en volver ó seu índice previo de equilibrio.

Aínda que as taxas de desemprego puidesen revelar un grao bastante elevado de persistencia con respecto ós EE.UU, algúns autores, como por exemplo G.S. Alogoskoufis e A. Manning (1988), crían que a explicación dada por Blanchard e Summers sería bastante especial. As dúbidas expostas por eses autores non se referían só á velocidade á que os traballadores desempregados se converterían en "outsiders", senón tamén ó feito de considera-los "insiders" únicamente interesados, na súa acción sindical, polas súas perspectivas de emprego. Así, se os "insiders" lles prestasen tamén atención ós seus salarios reais, deberían equipara-los os seus obxectivos de emprego coas súas aspiracións salariais. Como refiren Alogoskoufis e Manning (1988, páxs. 431-432) «*In a such a case, a number of other possible factors can affect the persistence of unemployment: slow adjustment in firm's hiring decisions, persistence of wage aspirations of "insiders" the tastes of wage setters for wages relative to employment, and the elasticity of labour demand: the membership dynamics explanation of unemployment persistence, is simply a special case.*» Os autores referidos

indicarían que a comparación entre estas explicacións e os datos estatísticos revelaría as aspiracións salariais e a relativa rixidez no mercado de traballo como posibles factores determinantes da diferente evolución, con respecto á persistencia do desemprego en Europa e nos EE.UU. Pero rápidas reaccións dos salarios fronte ás condicións de emprego e do emprego fronte ós salarios reais explicarían a máis baixa persistencia do desemprego nos EE.UU. Antes de especificármolo modelo de Blanchard-Summers propiamente dito, imonos deter no feito de que, segundo a análise anterior as Centrais Sindicais serían capaces, xeralmente, de establecer unilateralmente o valor dos salarios dos seus traballadores e, unha vez determinados estes, as empresas, á súa vez, determinarían o índice de emprego. Debido a que as empresas declinarían a demanda de traballo (aumento do desemprego) cando os salarios reais aumentasen, como nos indica a figura 2, as Centrais Sindicais enfrentarían a un dilema: terían que escoller implicitamente entre maiores salarios reais ou máis traballo. Se por calquera motivo a curva da demanda de traballo das empresas se alterase, por exemplo, cara a arriba, as Centrais Sindicais terían perspectivas de mellora en canto ó devandito dilema. Deberían obter unha reacción normal: maiores salarios reais e menos desemprego. Esta reacción sería a indicada na figura anterior, como sendo a curva do establecemento salarial ("wage-setting schedule"). O desemprego de desequilibrio ( $\mu$ ) situaríase na intersección das dúas curvas.




Figura 2

Pasemos agora a investiga-las tres posibles orixes da persistencia do desemprego: a actitude dos membros do grupo de "insiders", as aspiracións salariais e a demanda de traballo por parte das empresas.

O primeiro factor de persistencia do desemprego xurdiría cando as Centrais Sindicais estivesen unicamente interesadas na defensa do emprego dos seus membros ("*insiders*"). A situación laboral dos membros da "Central" sería daquela un dos determinantes da evolución do emprego e do desemprego. No caso máis simple, a "Central" establecería un salario máis elevado na medida en que iso fose compatible cunha situación de pleno emprego dos "*insiders*": a curva do establecemento salarial sería vertical e estaría situada a un índice de desemprego tal que tódolos "*insiders*" estivesen empregados. Partindo dunha situación de desemprego de equilibrio (punto *A* da figura 3), un choque contraccionista (deflacionista) non anticipado causaría desemprego de forma que este pasase a situarse en  $\mu_1$ .




Figura 3

O posible retorno do desemprego ó seu índice inicial  $\mu$  e o ritmo que ese retorno, no caso de se producir, debería ter merecerían unha atención especial. Se tódolos novos desempregados perdesen inmediatamente a súa condición de "*insiders*", a "Central" concentraría a súa acción no mantemento do emprego do grupo áinda considerado "*insider*". A curva do establecemento salarial desprazaríase cara á dereita: en adiante as reivindicacións salariais estableceríanse de xeito que aqueles que non perderan os seus empregos permanecesen empregados. Así, a nova taxa de desemprego corrente converteríase nunha nova taxa de desemprego de equilibrio (de longo prazo) e sería de esperar o seu mantemento no punto *B*. Este sería un caso de "histeresis" no desemprego<sup>3</sup>.

Para Alogoskoufis e Manning, o caso de "histeresis" sería, naturalmente, unha situación extrema. Para estes autores, os obxectivos de

emprego das Centrais Sindicais non necesitarían depender só dos traballadores que estivesen nese momento empregados. Se as "Centrais" tivesen tamén en conta a poboación desempregada se, por exemplo, os seus obxectivos de emprego fosen unha media ponderada dos empregados e dos desempregados, o desemprego debería converxer en sentido de regreso ó seu índice inicial de equilibrio (punto *A*). A rapidez do axustamento dependería unicamente do peso relativo que se lles dese nas negociacións salariais ós intereses dos traballadores que permanecesen empregados (onde  $\alpha$  sería o parámetro indicativo dese peso relativo). Canto maior fose  $\alpha$ , menor sería a rapidez do axustamento e maior a persistencia do desemprego. Estimacións de Blanchard e Summers (1986) suxerían que  $\alpha$  estaría moi preto do 100% para os principais países europeos e en menos do 50% para os EE.UU.

Un traballo máis recente de R.J. Gordon (1988) destacaría o feito de que non existiría consenso sobre a importancia empírica da "histeresis" na Europa contemporánea, aínda que tomaría claramente partido pola hipótese defendida por Blanchard e Summers, como proba o seguinte parágrafo do seu estudio (páx. 298): «...I provide new estimates that strongly support Blanchard and Summers, yielding pure hysteresis inflation equations for both postwar Europe and for the interwar States.»

Alogoskoufis e Manning, pola contra, criticarían a excesiva importancia que se lle deu ó fenómeno da "histeresis", considerándoo un caso simplemente especial, na medida en que o principal presuposto sería que os sindicatos só se concentrarían no emprego daqueles dos seus membros que se mantivesen empregados (a curva do establecemento salarial sería vertical) e tería como principal implicación o feito de que a persistencia do desemprego dependería só de  $\alpha$ , defensa dos obxectivos de emprego dos "*insiders*" por parte das Centrais Sindicais. Con todo, para estes autores os sindicatos centrarían a súa acción tanto no emprego coma nos salarios reais dos seus membros, tendo isto como consecuencia que un conxunto doutros parámetros podería afectarlle á persistencia do desemprego. A figura 4 amósanos unha situación na que as Centrais Sindicais atenderían tanto ós salarios

reais como ó emprego e, desta forma, a curva do establecemento salarial tería unha inclinación negativa. Como antes, partindo dunha situación inicial de equilibrio no punto *A* e fronte a un choque adverso, a demanda de traballo pasaría a situarse no punto *B*. Este feito debería causar de seguida unha dislocación cara a arriba da curva do establecemento salarial e, en ausencia de choques futuros, o desemprego debería ser maior ca no equilibrio orixinal (punto *C*) e, sen embargo, menor có desemprego inmediatamente posterior ó choque. Isto acontecería mesmo se os membros do grupo de "*insiders*" atendesen únicamente ó emprego ( $\alpha=100\%$ ), porque agora as Centrais Sindicais trocarían salarios reais por emprego. O desemprego debería converxer gradualmente cara ó valor de equilibrio  $\mu$ , onde a curva do establecemento salarial de longo prazo debería ser menos inclinada cá curva de curto prazo. A "histeresis" non tería lugar en ningunha destas circunstancias, áinda que o desemprego fose persistente. O regreso ó punto *A* debería ser tanto máis lento canto más presionasen os "*insiders*" ás Centrais Sindicais na defensa das súas posicións ( $\alpha$  próximo ó 100%), canto más inclinada fose a curva da demanda de traballo (menos elástica fose a demanda de traballo) e máis atendesen as Centrais Sindicais ós salarios reais con respecto ó emprego (figura 4).




Figura 4

O segundo factor de persistencia que se podería considerar serían as "aspiracións salariais". Este aspecto caracterizaríase pola súa independencia con respecto ós membros do grupo dos "*insiders*" e resultaría do feito de poderen desenvolver as Centrais Sindicais "aspiracións salariais" en circunstancias ás veces nada

propicias, como sería o caso de perturbacións adversas na productividade, ou que o crecemento pasado en termos de "performance" chegara ó seu fin, ou mesmo que os beneficios de benestar fixaran aumenta-las expectativas e as demandas dos traballadores. O efecto das "aspiracións do salario real" con inercia significaría que a curva do establecemento salarial sería menos inclinada a curto prazo do que a longo prazo: un aumento do desemprego tería inicialmente un efecto limitado sobre os salarios reais, pero este efecto incrementaríase ó longo do tempo. A figura que segue amósanos cómo un choque negativo non esperado na economía trasladaría a curva do establecemento salarial do punto *A* ó punto *B* e que a ausencia de choques posteriores implicaría que no seguinte período o desemprego e mailos salarios reais fosen máis baixos cós obtidos inmediatamente depois do choque (punto *C*). Habería, así, un proceso de axustamento gradual cara a abaixo da curva da demanda de traballo e a curva do establecemento salarial de curto prazo dislocaríase gradualmente en dirección á súa posición de longo prazo. Se representasemos o coeficiente de persistencia das "aspiracións salariais" por  $\beta$ , sendo este coeficiente o que medise o peso relativo atribuído ó salario real desfasado na formación das "aspiracións do salario real" corrente, nese caso sería visto como a diferencia entre as curvas de curto prazo e de longo prazo do establecemento salarial (figura 5).




Figura 5

A persistencia do desemprego dependería, naturalmente, da persistencia das "aspiracións dos salarios reais". Sen embargo, de acordo con Alogoskoufis e Manning, tamén debería estar relacionada con outros factores. Así, a persisten-

cia debería ser más elevada canto más inclinada fose a curva da demanda de traballo, dado que as empresas serían menos sensibles ás alteracións salariais e exercerían menos presión co fin de xerar menos desemprego. De forma idéntica, a persistencia debería ser tanto maior canto más acentuado fose o peso relativo atribuído polos "insiders" ós seus salarios en detrimento do índice de emprego. Dunha forma xeral, o desemprego non debería presentar "histeresis" mesmo se  $\beta$  fose igual ó 100% porque, ainda que os traballadores aspirasen a mante-lo salario en vigor antes da verificación do choque, as variações no desemprego deberían implicar que as Centrais Sindicais desexasen "trocar" salarios reais por desemprego.

Finalmente, como última xustificación, teríamo-lo papel desempeñado pola demanda de traballo como outro factor de persistencia e relacionaríase cos motivos polos que as decisións de emprego tomadas polas empresas dependerían do emprego pasado. O máis sinxelo argumento utilizado sería o do custo de axustamento. Se fose custoso admitir e despitar traballadores, daquela o emprego corrente debería depender do emprego pasado. Outras explicacións concentrárianse nas habelencias dos traballadores requeridos por empresas específicas, que dependerían do emprego pasado, así como en factores institucionais, como as posibles restriccións legais do despedimento. O efecto de persistencia na demanda de traballo podería ser indicado claramente na figura 6, na que a curva de traballo sería más inclinada (menos elástica no curto prazo ca no longo prazo).




Figura 6

Como se procedeu na análise anterior, o equilibrio inicial en  $\mu$  sería perturbado por un

choque contraccionista non anticipado e o desemprego e mailo salario real subirían. En ausencia de choques posteriores, o equilibrio de curto prazo no seguinte período estaría na intersección da nova curva da demanda de traballo de curto prazo coa curva do establecemento salarial. Ó longo do tempo, a curva da demanda de traballo de curto prazo dislocaríase cara á esquerda, o desemprego diminuiría gradualmente e os salarios reais aumentarían en dirección ó seu equilibrio inicial. A persistencia do desemprego dependería directamente da persistencia da demanda de traballo ( $\gamma$ ), que sería indicada pola diferencia entre as curvas de traballo de curto e de longo prazo. Ademais, a persistencia sería tanto maior canto más inclinada fose a curva de traballo de curto prazo e canto menor fose o peso relativo atribuído polas Centrais Sindicais ós salarios en detrimento do emprego. Como referirían Alogoskoufis e Manning (1988, pág. 438) en termos de conclusión principal: «*In general, even if  $g$  is equal to 100%, unemployment will not display hysteresis and will converge to its equilibrium rate. The reason is again that unions always wish to trade off real wages for unemployment.*»

#### 4.2. AS TEORÍAS DO SALARIO DE EFICIENCIA ("EFFICIENCY WAGE THEORIES")

Finalmente, a investigación chegou a centrarse nos denominados modelos do salario de eficiencia, nos que se presupón que o salario real debería afectarlle directamente á productividade marxinal do traballo. O problema ó que estas teorías tentarían dar resposta sería cal era a razón para que os salarios non xurdisen totalmente flexibles no mercado de traballo, para así establece-lo equilibrio co pleno emprego, como acontecería nunha situación na que se verificase a existencia de desemprego. Deste xeito, as Teorías do Salario de Eficiencia prenderían explicar por que os salarios excederían o seu valor de equilibrio de pleno emprego ou, alternativamente, tentarían establece-lo porque da aparición de desemprego involuntario. Así, as devanditas teorías argumentarían que os salarios, nesas circunstancias, non sufrirían reduccións pois, se isto acontecese, o lucro

das empresas sufriría reduccións considerables.

Formalizando a idea que do funcionamento do mercado de traballo defenden as Teorías do Salario de Eficiencia, e co propósito de verificar, en particular, a posible existencia do fenómeno de persistencia de desemprego involuntario, imos considera-lo seguinte exemplo de Solow (1979) que sería posteriormente referendado por J.M. Malcomson (1981), J. Yellen (1984 e 1988) e L.F. Katz (1986), entre outros. Imos aceptar que o output producido no curto prazo polas empresas, utilizando cada unha das unha unidade de capital, sería unha función das unidades de eficiencia do traballo, que serían determinadas polo resultado do producto do número de empregados polo esforzo realizado por cada traballador, de forma que  $Q=a\ell(e(w)L)$ , onde  $e$  representaría o nivel de esforzo (ou de eficiencia) dun traballador;  $L$  sería o número de empregados;  $w$  sería o salario real;  $a$  sería, por exemplo, un parámetro representativo das alteracións da productividade (L.F. Katz, 1986, pax. 238), ou ese parámetro podería ser interpretado como unha variación do prezo relativo co que a empresa se podería enfrentar ó mercado (O.J. Blanchard, 1987, pax. 43); e  $Q$  representaría o output. Asemade, imos considerar que tódolos traballadores posuirían idéntica relación salario-productividade, expresada por  $e(w)$  sendo  $e'>0$  (isto é, o esforzo sería unha función crecente do salario real  $w$ ),  $e(0)\leq 0$  e a elasticidade de  $e(w)$  con respecto a  $w$  sería unha decreciente con  $w$ . Unha empresa maximizadora de lucros debería ser capaz de admitir todo o traballo que desexase ó índice salarial que ela decidise, resolvendo así o problema da maximización dos seus lucros:  $\max_{w,L} F(e(w).L)-w.L$  (J.M. Malcomson, 1981, pax. 848).

A resolución deste problema pasaría polas seguintes expresións: (1)  $[e'(w).w/e(w))=1]$ ; isto é, segundo Yellen (1984, pax. 200), a minimización dos custos do traballo por unidade de eficiencia obteríase coa determinación dun índice de salario real de eficiencia tal que: «... satisfies the condition that the elasticity of effort with respect to the wage is unity.»; e (2)  $[e(w).a.F'(e(w).L)=w]$ ; isto é, co salario establecido en  $a$  a empresa debería tender á obtención en termos óptimos do factor traballo,  $L$ , que,

segundo a análise de Akerlof e Yellen (1988, pax. 45), sería: «...up to the point where the marginal revenue product of labor equals the wage, w.»

Nese caso, se o índice determinado de  $w$  fose tal que a demanda agregada de traballo estivese por baixo da oferta agregada de traballo, o equilibrio xeraría desemprego involuntario. Os traballadores desempregados deberían preferir traballar polo salario  $w$  máis que estar desempregados, pero as empresas non terían incentivos para admitir máis traballadores ó índice de salario de eficiencia dado ou a índices salariais inferiores. Así, esta hipótese podería explicar o desemprego involuntario de equilibrio, así como, no exemplo presente, a completa rixidez do salario real. Unha alteración no parámetro  $a$  (debido a variacións no prezo relativo da empresa, ou debido a choques de productividade) non tería efecto sobre o salario real pagado polas empresas, ó centrarse totalmente o seu efecto sobre o emprego. Establecida formalmente a hipótese do salario de eficiencia, deberíase responde-la cuestión de por que a productividade do traballo depende do salario real que pagan as empresas (isto é, deberíanse establecer os fundamentos microeconómicos do modelo do salario de eficiencia). Nese sentido, de seguida faremos alusión a algúns dos aspectos máis relevantes do referido esforzo de investigación.

Dende este momento imos destaca-las denominadas teorías sociolóxicas. Comezamos, por exemplo, cunha de R. Solow (1979 e 1980) na que subxacería a idea de que ás empresas lles interesaría paga-los salarios por riba do índice de equilibrio de pleno emprego no mercado de traballo xa que así garantirían a lealdade da súa forza de traballo. Habería, pois, unha especie de hábito social adquirido de que os salarios non sufrirían reduccións, mesmo fronte á existencia de desemprego. Dende esta perspectiva, as teorías sociolóxicas estarían construídas sobre a base dos efectos adversos que a redución salarial exercería sobre a moral e, consecuentemente, sobre o output. Este feito sería, así, susceptible de explicar ben a rixidez dos salarios nominais, ben a rixidez dos salarios reais. Unha explicación para ese feito poderíase atopar no papel desempeñado polos salarios relativos na alteración da moral e, desta forma, a rixidez

salarial sería o resultado da dificultade de coordinación das reduccións salariais no ámbito de tódalas empresas que se presentarían descentralizadas. Cómpre citar, a propósito do papel da moral e da lealdade no contexto da Teoría do Salario de Eficiencia, o seguinte parágrafo de Solow (1979. pág.80): «...An employer who did try to induce wage-cutting in a buyer's market might find that the short-run gain was more than offset by hidden longerrun costs. Bad morale may lead to lower productivity or even to carelessness verging on sabotage. A reputation as a lousy employer will carry over to tighter labor market conditions and lead to adverse selection in recruiting and perhaps even worse productivity performance.»

Este tipo de explicación para o "Efficiency Wage" sería obxecto de desenvolvimentos posteriores, entre os que destacan os realizados por G.A. Akerlof (1982 e 1984) que, no esencial, serían modelos baseados nun estudo do comportamento dos "clientes" no mercado, elaborado por A. Okun (1981), e no que o argumento sería simplemente que os traballadores crearían "normas" salariais, de forma que reducirían drasticamente o seu esforzo de traballo no caso de que os salarios descendesen por baixo desa "norma". Como no caso da lealdade anteriormente referido, poderíamos formular unha cuestión acerca dos factores determinantes desas "normas", dado que elas evolucionarían claramente ó longo do tempo, non sendo de menosprezar, entre outros e en primeiro lugar, a apreciación que os traballadores fixesen da xustiza dos seus salarios ("fair wage") cando os confrontasen co tratamento salarial dispensado a outros grupos de traballadores de características similares e, en segundo lugar, o feito de que as "normas" tenderían xeralmente a aumentar cando se verificasen incrementos na productividade (o salario considerado xusto polos traballadores dependería do esforzo que eles realizasen con respecto ás regras de traballo normais.

No modelo sociolóxico asentado nunha perspectiva microeconómica do mercado de traballo, Akerlof (1982) explicaría que, nas súas interaccións, os traballadores adquirirían sentimientos de solidariedade entre eles e tamén coa empresa. Como consecuencia dese sentimento con respecto á empresa, os traballadores obterían

utilidade no intercambio de ofertas ("gifts") con esa mesma empresa —a cantidade de utilidade dependería exactamente das "normas" establecidas polos traballadores—. En canto ás consecuencias dos sentimientos de solidariedade entre os traballadores, a empresa non debería negociar dunha forma individual, senón a través da negociación colectiva cos traballadores presentando "normas" comúns.

Ademais dos modelos de tipo sociolóxico sinalados anteriormente, habería que facer referencia a outro tipo de modelo de "salario de eficiencia" baseado na idea de que as empresas só poderían controla-lo esforzo de traballo dunha forma imperfecta, de maneira que desexarían pagarles ós seus traballadores salarios porriba do seu índice de equilibrio de pleno emprego, co fin de asegurar que traballasen máis arduamente para así evitaren ser despedidos dos seus "bols" empregos. Os traballadores que fosen sorprendidos "fuxindo" do traballo ("shirking") serían penalizados a través do despedimento e dun eventual novo emprego a un índice salarial inferior. Sería esta a explicación que, en liñas xerais, se podería atopar no modelo estudiado por C. Shapiro e J. Stiglitz (1984) e ó que tamén fan referencia J. Yellen (1984) e L.F. Katz (1986).

Así, na perspectiva de Shapiro e Stiglitz existirían determinados sectores económicos onde as empresas só poderían controlar de forma incompleta a acción dos seus traballadores e, desta forma, os traballadores deberían facer unha escolla discreta entre traballar ou "fuxir" do traballo. Supoñendo que os traballadores e as empresas fosen homoxéneos, daquela, se tódalas empresas remunerassen igual ós seus traballadores de acordo co índice de salario de equilibrio de pleno emprego, deberíase verificar a existencia de pleno emprego e non habería custos para o acto de "fuxir" de traballar dende o momento en que os traballadores despedidos puidesen encontrar inmediatamente outro emprego ó mesmo índice salarial. Desta maneira, se o esforzo de traballo fose considerado oneroso, nestas condicións de pleno emprego tódolos traballadores "fuxirían". As empresas estarían así interesadas en aumenta-los os seus salarios co propósito de eliminar o fenómeno de "shirking".

Na formalización da hipótese do salario de

eficiencia anteriormente descrita e baseada en propostas de Solow (1979) considerábase que o esforzo de traballo dependería únicamente do índice absoluto do salario real. Con todo, este non sería o entendemento dado polo "*shirking model*", onde o esforzo sería unha función positiva do salario pagado pola empresa con respecto ó índice salarial agregado corrente e estaría tamén directamente relacionado co índice de desemprego. Daquela para que os seus traballadores non "fuxisen" do traballo, a empresa debería pagar uns salarios máis altos có salario corrente. Por outra banda, se tódalas empresas aumentasen os seus salarios, podería parecer que o incentivo para que os traballadores non "fuxan" desaparecería. Sen embargo, se isto ocorrese nunha situación de equilibrio, a reducción da demanda de traballo derivada da subida xeneralizada do salario por riba do seu índice de equilibrio de pleno emprego tería como consecuencia uns maiores índices de desemprego. Nesta circunstancia, aínda que as empresas pagasen salarios inflacionados iguais, para o traballador non habería incentivo ningún para "fuxir" do traballo, e isto porque, ademais do perigo de ser sorprendido en actitude de desleixo, isto lle podería custar unha situación nada deseñada de desemprego ( nunha situación na que a taxa de desemprego de equilibrio sería relativamente elevada e, desta forma, a perda do emprego podería supoñer un longo período de espera ata conseguir un novo emprego). O exército de reserva de desempregados actuaria, así, como unha estratexia disciplinadora ("*discipline device*" usando a terminoloxía de Shapiro e Stiglitz), transformando o acto de "fuxir" en bastante custoso para o traballador. Próximo a esta liña de razoamento estaría o argumento exposto por Shapiro e Stiglitz (1984, páx. 433): «...*When they all (firms) raise their wages, the incentive not to shirk again disappears. But as all firms raise their wages, their demand for labor decreases, and unemployment results. With unemployment, even if all firms pay the same wages, a worker has an incentive not to shirk. For, if he is fired, an individual will not immediately obtain another job. The equilibrium unemployment rate must be sufficiently large that it pays workers to work rather than take the risk of being caught shirking.*»<sup>4</sup>

A posibilidade de que este "*dual labor markets*" xerase desemprego dependería da dimensión relativa do mercado secundario; certamente sería posible xerar desemprego persistente nun "*dual labor markets*" se os traballadores desexasen traballar no mercado primario pero non no mercado secundario (R. Hall, 1975).

Téñase tamén en conta o feito de que a relación entre salarios e productividade é más importante no mercado primario ca no secundario. Neste último funcionarían regras dun mercado competitivo, mentres que no primeiro, como vimos, e debido a dificultades de control daqueles actividades, as empresas establecerían salarios superiores ó de equilibrio de mercado.

No modelo estudiado, o salario de eficiencia debería ser establecido coma un diferencial por riba do salario do mercado secundario. Desta maneira poderíase, como vimos, xustifica-la existencia de desemprego involuntario, a pesar dos mecanismos reguladores do mercado secundario. Unha reducción dos salarios de eficiencia fronte ó desemprego podería non estimular a aqueles que se encontran desempregados co obxectivo de conseguiren emprego no mercado primario e, así, empregárense no mercado secundario. Sen embargo este feito afectaría negativamente, como sabemos, á relación salario-productividade no mercado primario coas consecuentes perdas de lucro no sector.

Só nos quedaría destacar que, nunha economía que carecese dos salarios de eficiencia e que operase en pleno emprego, as variacións na demanda agregada deberían reflectirse somentes en termos de alteracións nos salarios; sen embargo, en modelos que integrasen os salarios de eficiencia deberían experimentar movementos tanto nos salarios coma no emprego. Baixo os salarios de eficiencia as fluctuacións no emprego deberían ser maiores e as fluctuacións nos salarios menores que baixo os salarios de competencia perfecta. Por outra banda, e de acordo con B. Greenwald e J.E. Stiglitz (1987, páx. 10): «...*The efficiency wage, the wage that maximizes the firm's profits, may of course vary with economic circumstances*», de aí que os salarios non debesen ser considerados como absolutamente ríxidos, como sucedería no modelo de "salario de eficiencia" exposto por Solow (1979).

Con todo, tampouco necesitarían diminuir a índices de "*market clearing*". Esta aproximación teórica achegaríase ós estudos empíricos, realizados por autores como, por exemplo, P.T. Geary e T. Kennan (1982) e M.J. Bils (1985), nos que os salarios reais revelárianse ó longo do ciclo como acíclicos ou lixeiramente procíclicos. Baseándose no "*shirking model*" de Shapiro e Stiglitz (1984) poderíase comprender-lo feito de que coexistisen pequenas fluctuacions nos salarios reais e variacions no emprego máis significativas ca na hipótese de fortalecemento do mercado en competencia perfecta (Blanchard, 1987a, pax. 44). A razón deste argumento sería exposta de forma clara nas seguintes palabras de L. Ball e D. Romer (1987d, pax. 32): «...when unemployment is high, workers are fearful of being fired, and so firms can reduce wages without inducing shirking».

## 5. CONCLUSIÓNS XERAIS

O presente panorama en canto á evolución da economía mundial caracterízase, en particular, pola verificación xeneralizada da existencia tanto de recesión económica coma de taxas de desemprego relativamente elevadas e duradeiras. Estes aspectos adquieren ademais un significado especial dada a súa magnitude e gravidade no contexto da Comunidade Económica Europea, sobre todo cando comparámolo-s os mesmos fenómenos nas economías norteamericana e xaponesa, economías directamente competitadoras na conquista dos mercados mundiais.

Neste sentido, dous aspectos suscitan a curiosidade e a necesidade da debida explicación teórica que permita a adopción de medidas adecuadas no ámbito da intervención econonómica: 1) as razóns que conducen a que a "crise" sexa máis acentuada e grave en Europa ca nos EE.UU e en Xapón, en especial porque a un crecemento negativo previsto para a CE en 1993 corresponde unhas taxas previstas de crecemento positivo do 2% naqueles dous países; 2) cales son as razóns que explican que a CE cree menos emprego cos seus principais "socios" económicos internacionais, mesmo en períodos de forte crecemento económico. Así, de acordo con datos da Comisión Europea, entre 1983 e 1990, e para unha taxa de crecemento idéntica,

os EE.UU crearon 2,5% de empregos adicionais mentres que a Comunidade apenas xerou un 0,8 por cento.

O exposto ata o de agora vén, en certa medida, xustifica-lo crecente interese dos analistas e políticos pola necesidade de comprensión dos fenómenos económicos actuais, así como pola necesidade de trazar cadros de políticas económicas coerentes que, por unha banda, se centren en recuperar a actividade económica xeral e, por outra, que poidan combater con oportunidade e eficacia os crecientes índices de desemprego verificados neste momento en Europa.

Unha das principais vías exploradas nesta tentativa de comprensión teórica do fenómeno do desemprego e da inestabilidade macroeconómica relaciónase co afondamento no estudio dos propios mecanismos de funcionamento do mercado de traballo. A existencia, por calquera motivo, de fenómenos de "rixidez" laboral de ausencia dun grao aceptable de flexibilización do mercado laboral (ben sexa, como propoñen os pensadores "liberais", debido á acción sindical e ó feito de que os salarios reais esteán porriba do índice que garantiría o pleno emprego, ou ben sexa, como defenden os pensadores de tendencia "keynesiana", debido á existencia de "salarios de eficiencia" directamente relacionados coa propia productividade das empresas e que explicarían a existencia, para o sector primario, da economía de salarios reais máis elevados cos verificados no segmento secundario) sería moi axeitada para explíca-lo fenómeno da emerxencia de desemprego involuntario xeneralizado e da conseguinte inestabilidade macroeconómica que diso se deriva. Estes aspectos terían que ver coa realidade da economía actual.

En termos prácticos, e a propósito disto, a Comisión Europea declarou recentemente que na Comunidade o índice de desemprego podería acadar, no presente ano, a cifra bastante elevada de 20 millóns de desempregados, o que significaría unha taxa de desemprego de aproximadamente o 12% da súa poboación activa.

Para o mesmo período, e confirmando as expectativas necesarias, a mencionada previsión apunta tamén un crecemento negativo do PIB no conxunto da Comunidade arredor do 0,5 por cento. A economía portuguesa, dada a súa

condición de pequena economía aberta altamente sensible ás alteracións coxunturais da economía mundial, en particular no que se refire á CE, na que se integran os seus principais socios comerciais, non podería deixar de sentir dun xeito natural os efectos xerais da coxuntura económica mundial e, en especial, daquela que caracterice nese momento á Comunidade, da que é membro de feito. Nese contexto, o crecemento económico portugués, expresado pola taxa de crecemento do PIB, que na década dos 80 se situou arredor do 4,5% —isto é, un punto porcentual por riba do crecemento económico da Comunidade no seu conxunto— revela actualmente unha significativa inversión nese proceso que se traduci, por exemplo no ano 1992, nun crecemento do PIB de a penas o 1,1%. Reforzando esa tendencia, as previsións xerais apuntan, para o ano 1993, cara a un crecemento nulo (ou mesmo negativo) en Portugal. De todo o exposto derívase claramente a idea de que o obxectivo prioritario de "converxencia real" entre a economía portuguesa e a dos restantes socios da CE, na busca da construción do Mercado Único e da Unión Económica Monetaria (UEM), sufriu, nos últimos anos, grandes contratempos.

Con respecto a este tema, tamén se podería poñer en cuestión a oportunidade e a eficacia das políticas macroeconómicas —monetaria, fiscal e de cambio—, levadas a cabo polas autoridades portuguesas nos últimos anos, e a súa posible contribución a este escenario tan pouco favorable.

A Comisión Europea constata, oportunamente, que o retardamento do ritmo de crecemento económico en Portugal está sendo moito máis rápido ca no conxunto da Comunidade. Os resultados de 1992 revelan que a partir do inicio do segundo semestre a evolución en Portugal pasou a ser desfavorable con respecto á media da CE. Iso demóstrano non só os números globais do PIB senón tamén o forte e súbito aumento do desemprego (4,5% en 1992 e 5,1% para o primeiro trimestre de 1993). Referidas a este feito, non resultan estrañas as indicacións existentes en canto á recente e acentuada quebra das exportacións portuguesas, de resultas, esencialmente, da marcada perda de competitividade externa da economía portuguesa.

Outro aspecto revelador das actuais dificultades da economía comunitaria (e portuguesa), e que en certa medida pon en dúbida criterios de competencia "nominal" establecidos polo Tratado de Maastricht, é que aínda se verifican déficits presupostarios elevados, arredor do 6,25% e do 5,75% do PIB para a CE e para Portugal respectivamente.

Constátase tamén, na práctica, a decisión por parte das autoridades portuguesas de darlle prioridade ó obxectivo de converxencia "nominal", na economía portuguesa primeiro e no contexto da construción da UEM despois. Este feito traduciuse, esencialmente, na adopción de políticas monetarias altamente restrictivas (coa conseguinte verificación de altos tipos de xuro na economía portuguesa), así como na adopción de políticas de cambio "agresivas", no sentido de optar pola política do "escudo forte" e, deste xeito, polo seguimento rigoroso do control inflacionario no contexto da integración de Portugal no Sistema Monetario Europeo (SME).

A adopción destas políticas foi para algúns analistas merecedora de serias críticas, sobre todo polo seu efecto negativo sobre a economía portuguesa, xa que delas derivaban dificultades tanto para as empresas como para sectores productivos internos, debido principalmente a perdas substanciais de competitividade externa da produción nacional en xeral e ó actual incremento dos índices de desemprego en Portugal.

Segundo esta liña de razonamento, podería-se afirmar que a adopción das devanditas políticas macroeconómicas de carácter restrictivo polas autoridades portuguesas sen unha necesaria adecuación e moderación, no sentido da flexibilización dos criterios adoptados e impostos polo Tratado de Maastricht, se ben é favorable nunha perspectiva de abrandamento da inflación en Portugal (que despois na práctica se mantivo, fundamentalmente, vía inflación importada), ten, con todo, como triste revés da moeda reflexos altamente negativos tanto no que se refire á necesidade de aproximación en termos reais de Portugal ó conxunto da Comunidade, como nas súas consecuencias substancialmente gravosas nas esferas económica e social, nas que destacan a recesión económica, o aumento do desemprego, a cada vez maior precariedade do emprego,

o aumento do fenómeno de exclusión social, etc.

Neste contexto é no que as previsións da Comunidade Europea prognostican para o ano corrente unhas taxas de inflación en desaceleración no conxunto da CE (4,25% nesta última fronte ó 6,75% para Portugal) e unhas taxas de desemprego arredor do 12% da poboación activa da Comunidade (6% no caso portugués pero cunha clara tendencia ó agravamento ó longo do ano 1994).

En termos do debate teórico que viñemos referindo no presente traballo, sublíñese a este respecto que as correntes de pensamento económico de inspiración "liberal" converxen ó atribuírlle as "culpas" da verificación de situacións de desequilibrio no Mercado de Traballo e no ámbito económico global á emerxencia de fenómenos de "rixidez" laboral, isto é, á existencia dun grao de flexibilidade do Mercado Laboral non adecuado ó obxectivo de funcionamiento económico global a pleno emprego. Entre os factores explicativos da "rixidez" do mercado de traballo destacan, entre outros, os seguintes: custos excesivos dos procesos de contratación e despedimento de traballadores, existencia dun salario mínimo garantido, falta de flexibilidade de contratos e horarios laborais, existencia de "monopolios" sindicais, etc.

De acordo coa referida filosofía "liberal", se a Comunidade pretendese aumenta-lo número de postos de traballo combatendo o desemprego e relanzando a actividade económica, debería tender esencialmente a accións na liña do non intervencionismo estatal a tódolos niveis (como bos defensores do libre mercado), das que serían expresión fundamental os recortes nos sistemas de Seguridade e Cobertura Social (feito que, obviamente, poñería en perigo os dereitos sociais adquiridos polos traballadores europeos expresados na Carta Social Europea e no modelo europeo de cobertura social). Apostariase, de acordo cos seus mentores, por unha "solución á americana", baseada no modelo do "*fast food*", de reducción das cargas sociais do traballo, dos subsidios de desemprego e da asistencia social en xeral. Neste sentido, apostariase esencialmente por esquemas privados de Seguridade Social. En xeral, a opción preconizada polos "liberais" estaría baseada no lema "máis emprego por

menos salarios", por un aumento de competitividade das empresas europeas fronte ós países que producen con menores custos sociais.

Esta perspectiva de índole "liberal" conta, naturalmente, con adversarios que manifestan serias reservas tanto no que se refire á adecuación do coñecemento teórico dos mecanismos de funcionamento da economía de mercado como ás principais implicacións de orde económica e social que diso se derivan. Neste sentido, ponse maior énfase no aspecto dos non automatismos inherentes ó funcionamento de mercado e na necesidade de adopción de políticas económicas activas ou discrecionais, sobre todo a monetaria, a fiscal e a de cambio, tendentes á estabilización macroeconómica e a combatelo desemprego (aspectos que a medio e longo prazo pasarán por estratexias de políticas altamente centradas na innovación tecnoloxica e na reconversión do tecido productivo da economía en xeral).

Para os críticos dos "liberais", estes últimos preconizan medidas defensoras de valores que van directamente en contra dos dereitos sociais conquistados polos traballadores europeos, contra a solidariedade social que debe existir nas sociedades modernas e a favor dun sistema potenciador da maximización de lucros como fin en si mesma. A propia experiencia recente americana, baseada no que se denomina "*Reaganomics*", isto é, na intervención económica do lado da oferta agregada ("*Supply Shocks*"), traduciuse na práctica, xeralmente recoñecida, de reduccións drásticas nos sistemas de Asistencia e Cobertura Social que, segundo os seus mentores, serían condición "*sine qua non*" para reducir o desemprego, estimula-la productividade e, como consecuencia, aumenta-la producción global.

Aínda tomado todas estas medidas, en última instancia o aumento da flexibilidade do Mercado Laboral carreou, como demostra a actual realidade dos EE.UU, no canto dun crecemento económico substancial, o xurdimento e agravamento da recesión económica, o aumento do desemprego, a subida do déficit público e, finalmente, o aumento considerable da franxa de poboación situada no ámbito da exclusión social.

Con todo o exposto, e ó contrario dos pensadores "liberais", perséguense con intensidade

unha solución para os problemas europeos actuais, sen recorrer a ningunha "solución á americana" que entraría en contradicción coa realidade e a cultura europeas. Se isto non fose así, cuestionaríase a validez da Carta Social Europea, de enorme importancia para a defensa e protección dos dereitos adquiridos polos traballadores europeos e para unha maior solidariedade social no ámbito comunitario.

Seguindo esta lóxica, o problema en cuestión podería ser enfrentado, nun plano coxuntural, coa non adopción de políticas sobre a demanda agregada (en particular en canto á política monetaria) demasiado restrictivas de xeito que se poida, en termos dun certo equilibrio, concilia-los obxectivos prioritarios da economía portuguesa coa construción da UEM, que son as converxencias real e a converxencia nominal no que se refire á CE no seu conxunto.

A medio e longo prazo, a solución de problemas como o da inestabilidade macroeconómica e o do desemprego haberán de pasar, non por derogacións dos dereitos sociais adquiridos, senón por un esforzo concentrado dos países membros da Comunidade na busca dun conxunto de orientacións e do establecemento dun plan de traballo coherente e adecuado que defina claramente unha estratexia estructural susceptible de lle dar un novo pulo á economía europea.

Como inicio desta liña de acción deberíase proceder á definición dunha verdadeira política industrial comunitaria (que considere os novos aspectos da realidade económica mundial, como a innovación tecnolóxica, a globalización da economía mundial e a reconversión de sectores enteros no novo contexto internacional) e á toma de medidas de reducción e alivio das cargas fiscais ligadas ó traballo que pesan sobre as empresas e non a reduccións más ou menos drásticas nas cargas de "cobertura Social", como preconizan insistentemente os pensadores de índole "liberal". Este procedemento abriría un espacio para aumentos de competitividade externa da economía comunitaria, en particular, na súa confrontación coas potencias económicas que compiten con ela nos mercados mundiais.

## NOTAS

1. Acerca dunha posible comparación entre os modelos dos contratos salariais desenvolvidos por Fisher e Taylor, M. Parkin (1986, páx. 20) referiría que o modelo macroeconómico proposto por Fisher aceptaría a existencia de "*bunching*", isto é, de sincronización no axustamento dos prezos, polo menos no seu modelo de un só período, mentres que no caso de Taylor o seu estudio estaría esencialmente pensado para economías nas que os prezos fosen establecidos de forma alterna ("*staggered*") e, consecuentemente, se verificalle unha superposición de contratos ("*overlapping contracts*").
2. L. Ball, N. Mankiw e D. Romer (1988, páx. 15) dirían, a propósito disto, que «*Although there is dearly much nominal wage rigidity in actual economies—in USA labor contracts, for example, wages are set up to three years in advance—the allocative effects of this rigidity are unclear*».
3. Blanchard e Summers (1986, páx. 16) considerarían esta posibilidade coma unha importante explicación do problema do desemprego corrente en Europa: «*...hysteresis resulting from membership dynamics play an important role in explaining the current European depression in particular and persistent high unemployment in general. Outsiders are disenfranchized and wages are set with a view of ensuring the jobs of insiders.*»
4. O "*shirking model*" permitiría tamén unha explicación plausible da existencia na economía de dous tipos diferentes de sectores ("*dual labour markets*"). Por unha banda, teríamos-las tarefas primarias que terían salarios máis elevados, isto é, este sector sería o máis desexado, susceptible de ser remunerado por riba do salario de equilibrio de pleno emprego e como tal o de máis difícil entrada. Por outro lado, teríamos-las tarefas secundarias nas que a hipótese de que os traballadores "fuxisen" sería moito máis difícil (véxase, a título de exemplo, o que ocorrería co traballo de taxista, no que o control de actividade sería bastante máis amplo). Desta forma, as actividades secundarias serían menos deseñadas e, ó mesmo tempo, de máis fácil acceso.

## BIBLIOGRAFÍA

- AKERLOF, G.A. (1982): "Labor contracts as partial gift exchange", *Quarterly Journal of Economics*, 97, (novembro), pp. 543-569.
- AKERLOF, G.A. (1984): "Gift exchange and efficiency wage theory: four views", *American Economic Review Proceedings*, 74 (2), (maio), pp. 79-83.
- AKERLOF, G.A.; YELLEN, J.L. (1988): "Fairness and unemployment", *American Economic Review*, 78 (2), (maio), pp. 44-48.
- ALOGOSKOUFIS, G.S.; MANNING, A. (1988): "On the persistence of unemployment", *Economic Policy*, (outubro), pp. 428-469.
- BALL, L.; MANKIW, N.G.; ROMER, D. (1988): "The new keynesian economics and the output-inflation trade-off", *Brookings Papers on Economic Activity*, 1, pp. 1-65.
- BARRO, R.J. (1977): "Long-term contracting, sticky prices, and monetary policy", *Journal of Monetary Economic*, 3 (3), (xullo), pp. 305-316.
- BILS, M.J. (1985): "Real wages over the business cycle: evidence from panel data", *Journal of Political Economy*, 93 (4), (agosto), pp. 666-689.
- BLANCHARD, O.J. (1987) "Individual and aggregate price adjustment: empirical evidence", *Brookings Papers on Economic Activity*, 1.
- BLANCHARD, O.J.; KIYOTAKI, N. (1987): "Monopolistic competition and the effects of aggregate demand", *American Economic Review*, 77 (4), (setembro), pp. 647-666.
- BLANCHARD, O.J.; SUMMERS, L.H. (1986): "Hysteresis and the european unemployment problem", *NBER Macroeconomics Annual*, pp. 15-78.
- BLINDER, A.S.; MANKIW, N.G. (1984): "Aggregation and stabilization policy in a multi-contract economy", *Quarterly Journal of Economics*, pp.67-86.
- CECHETTI, S.G. (1986): "The frequency of price adjustment: a study of the newsstand price of magazines", *Journal of Econometrics*, 31, (agosto), pp. 255-274.
- FERRAZ, A.M.S. (1992): *Moeda e rigidez dos preços: a inflação, a frequência do ajustamento dos preços e o 'trade-off' output-inflação*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.
- FISHER, S. (1977): "Long term contracts, rational expectations, and the optimal money supply rule", *Journal of Political Economy*, 85, (febreiro), pp. 191-205.
- FISHER, S. (1987): "Recent developments in macroeconomics", *NBER Working Paper Series*, N. 2.473, (decembro).
- GEARY, P.T.; KENNAN, J. (1982): "The employment-Real wage relationship: an international study", *Journal of Political Economy*, 90 (4), (agosto), pp. 854-871.
- GORDON, R.J. (1976): "Recent developments in the theory of inflation and unemployment", *Journal of Monetary Economics*, 2, (abril), pp. 185-220.
- GORDON, R.J. (1988): "Back to the future: european unemployment today viewed from America in 1939", *Brookings Papers on Economic Activity*, 1, pp. 271-312.
- GREENWALD, B.; STIGLITZ, J.E. (1989): "Toward a theory of rigidities", *American Economic Review*, 79 (2), (maio).
- HALL, R.E. (1975): "The rigidity of wages and the persistence of unemployment", *Brookings Papers on Economic Activity*, 2, pp. 301-335.
- HALL, R.E.; LILIEN, D.M. (1979): "Efficient wage bargains under uncertain supply and demand", *American Economic Review*, 69 (5), (decembro), pp. 868-879.
- HART, O.D. (1983): "Optimal labour contracts under asymmetric information: an introduction", *Review of Economic Studies*, 50, pp. 3-35.
- KATZ, L. (1986): "Efficient wage theories: a partial evaluation", *NBER Macroeconomics Annual*, 1, pp. 235-276.
- LAYARD, R. (1986): *How to beat unemployment*. Oxford University Press.
- LINDBECK, A.; SNOWER, D.J. (1984a): "Strikes, lock outs and fiscal policy", *Seminar Paper*, N. 309. Estocolmo: Institute for International Economic Studies.
- LINDBECK, A.; SNOWER, D.J. (1984b): "Labour turnover, insider morale, and involuntary unemployment", *Seminar Paper*, N. 310. Estocolmo: Institute for International Economic Studies.
- LINDBECK, A.; SNOWER, D.J. (1985): "Explanations to unemployment", *Oxford Review of Economic Policy*, N. 2, pp. 34-69.
- LINDBECK, A.; SNOWER, D.J. (1986): "Involuntary unemployment as an insider-outsider dilemma", en W. Beckerman [ed.]: *Wage rigidity, employment and economic policy*. Londres: Duckworth.

- LINDBECK, A.; SNOWER, D.J. (1986): "Wage setting, unemployment and insider-outsider relations", *American Economic Review*, 76 (2), (maio), pp. 235-239.
- LINDBECK, A.; SNOWER, D.J. (1988): "Cooperation, harassment, and involuntary unemployment: an insider-outsider approach", *American Economic Review*, 78 (1), (marzo), pp. 167-188.
- MALCOMSON, J.M. (1981): "Unemployment and the efficiency wage hypothesis", *Economic Journal*, 91, (decembro), pp. 846-866.
- MANKIW, N.G. (1985): "Small menu costs and large business cycles: a macroeconomic model of monopoly", *Quarterly Journal of Economics*, (maio), pp. 529-537.
- MANKIW, N.G. (1987a): "Recent developments in macroeconomics: a very quick refresher course", *NBER Working Paper Series*, N. 2.474, (decembro).
- MANKIW, N.G. (1987b): "The new keynesian micro-foundations. Comment". *NBER Macroeconomics Annual*, 2, pp. 105-110.
- MCDONALD, I.; SOLOW, R.M. (1981): "Wage bargaining and employment", *American Economic Review*, 71 (5), (decembro), pp. 896-908.
- OKUN, A.M. (1981): *Prices and Quantities: a macroeconomic analysis*. Washington, D.C.: Brookings Institution.
- PARKIM, M. (1986): "The output-inflation trade-off when prices are costly to change", *Journal of Political Economy*, 94 (1), (febreiro), pp. 200-224.
- ROTEMBERG, J.J. (1987): "The new keynesian micro-foundations", *NBER Macroeconomics Annual*, 2, pp. 69-104.
- SHAPIRO, C.; STIGLITZ, J.E. (1984): "Equilibrium unemployment as a worker discipline device", *American Economic Review*, 74 (3), (xuño), pp. 433-445.
- SOLOW, R.M. (1979): "Another possible source of wage stickiness", *Journal of Macroeconomics*, 1 (1), (inverno), pp. 79-82.
- SOLOW, R.M. (1980): "On theories of unemployment", *American Economic Review*, 70 (1), (marzo), pp. 1-11.
- SOLOW, R.M. (1985): "Insiders and outsiders in wage determination", *Scandinavian Journal of Economics*, 87 (2).
- TAYLOR, J.B. (1979): "Staggered wage setting in a macro-model", *American Economic Review, Papers and Proceedings*, 69 (2), (maio), pp. 108-113.
- TAYLOR, J.B. (1980): "Aggregate dynamics and staggered contracts", *Journal of Political Economy*, 88 (1), (febreiro), pp. 1-23.
- YELLEN, J. (1984): "Efficiency wage models of unemployment", *American Economic Review*, 74 (2), (maio), pp. 200-205.